Arte

ELAS PRE-SEN-TES



Berro Bambán

Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS



Elas Presentes é un proxecto impulsado por Berrobambán e contou co apoio a proxectos singulares de especial interese cultural da Área de Cultura da Deputación da Coruña.

Publicación:
Decembro 2018

Texto:
Iago Trillo

Deseño e maquetación:
Nadina Gráfica

Revisión lingüística:
Lara Rozados

Revisión de xénero:
Maria Rosendo

Coordinación xeral:
Miriam Rodríguez
Maria Rosendo

Fotografía *Filosofar a paus*:
Mika Audiovisual

Arquivo:
archive.org/details/@elas_presentes

Neste espazo proporciónanse copias de todos os enlaces de internet presentes nesta unidade co obxectivo de garantir a súa dispoñibilidade. Do mesmo xeito, tamén se inclúen outros materiais relacionados con esta e outras materias que poden ser de interese, e se incluirá aquel material que sexa remitido polos centros escolares como documentación do traballo realizado nas aulas.

Síguenos
ElasPresentes

Contacto:
elaspresentes@berrobamban.com



Índice

Introdución — 4
Xustificación — 5
Metodoloxía — 6
Contidos — 7
Obxectivos — 7
Competencias Clave — 8
Criterios de avaliación — 8

Actividades — 9
Actividade 1 — 11
Actividade 2 — 13
Actividade 3 — 15
Actividade 4 — 17

Bibliografía — 18

Anexos — 19
Anexo 1 — 20
Anexo 2 — 22
Anexo 3 — 26
Anexo 4 — 27
Anexo 5 — 28

Recursos — 31

Introdución

***Elas Presentes* ten como obxectivo facilitar no ámbito escolar o tratamento da igualdade, e analizar criticamente a invisibilidade das mulleres ao longo da historia desde unha perspectiva global, abranguendo unha boa parte das materias presentes no curriculo de secundaria.**

Elas Presentes ten como punto de partida a representación da peza teatral *Filosofar a paus* aproveitando o carácter lúdico, a identificación do público e a capacidade de xerar un discurso crítico propio do teatro. A obra afronta de xeito directo a problemática da igualdade de xénero poñendo ao descuberto como algúns dos filósofos máis recoñecidos, presentes no curriculo das materias filosóficas, contribuíron coas súas ideas a construír o discurso dominante do patriarcado, que descualificaba ás mulleres reducíndoas en exclusiva ao papel de nais e esposas submisas. E ao tempo desvela que a pesar diso, a pesar dos paus que recibían ou os que colocaron no seu camiño, existiron mulleres filósofas que se rebelaron, pero cuxa memoria foi borrada baixo a influencia daquel discurso dominante.

Malia o que se poida pensar sobre a especificidade temática da peza, a realidade é que o fondo do asunto é xeral, é dicir, que as razóns que se explicitan na peza son as mesmas para que se producise a invisibilidade das mulleres noutros campos científicos e artísticos. Para facilitar o tratamento desta temática nas aulas *Elas Presentes* propón unha batería de unidades didácticas orientadas a todas as áreas presentes no currículo de secundaria: filosofía, ciencias, lingua e literatura, artes e cultura visual.

Xustificación:

As mulleres nas artes, ao igual que na filosofía, foron sistematicamente agochadas, ata o punto de ter apenas unha presencia testemuñal na maior parte de exposicións, libros, revistas, documentais, películas e calquera outro medio onde a arte sexa protagonista.

Esta unidade didáctica pretende ser unha pequena achega a rescatar a memoria dalgunhas das mulleres que contribuíron co seu talento ao acervo das nosas artes, mais tamén a promover o coñecemento do papel actual das mulleres nas distintas manifestacións artísticas e difundir o proceso de empoderamento emerxente das mulleres nas artes nos nosos días.

Metodoloxía:

Alumnado:
4º — ESO
1º-2º — Bach.

Nesta unidade didáctica utilizaremos unha metodoloxía dinámica que promova o papel activo do alumnado, fomentando a súa autonomía,de xeito que este sexa o protagonista do proceso de ensino e aprendizaxe.

Para acadar este propósito metodolóxico nas actividades que se propoñen na unidade didáctica é necesaria a implicación do alumnado a través de debates, exposicións ou na elaboración propia de material didáctico.


Para levar a cabo algunhas destas actividades será necesario empregar ferramentas relativas ás novas tecnoloxías: smartphone, ordenador e o uso da rede como fonte de coñecemento. Estas tecnoloxías deben ter un papel fundamental, xa que son os medios utilizados a diario polo alumnado no seu ocio e para o relacionamento social. Desta forma as actividades propostas resultarán motivadoras e atraentes para o noso alumnado.

Por outro lado, a metodoloxía empregada parte da idea da existencia de prexuízos que debemos de modificar para lograr un proceso de ensino e aprendizaxe baseado nos valores da coeducación.

Contidos:

Os principais contidos que serán contemplados nesta unidade poden sintetizarse en:

Principais pintoras e escultoras do Renacemento, do Barroco e dos séculos XIX e XX.



Referentes femininos nas manifestacións artísticas actuais.

Mecanismos de ocultación do papel das mulleres nas artes.

Obxectivos:

Desenvolver un espírito crítico ante unha historia oficial da arte que agocha o papel das mulleres.

Coñecer os procesos polos cales o papel das mulleres é ocultado na arte.

Recoñecer e revalorizar referentes femininos do pasado e da actualidade nas manifestacións artísticas.

Competencias Clave:

As actividades previstas nesta Unidade están enfocadas a contribuír no desenvolvemento das seguintes competencias:

- **competencia en comunicación lingüística (CCL)**
- **competencia dixital (CD)**
- **competencias sociais e cívicas (CSC)**
- **competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)**
- **competencia para aprender a aprender (CAA)**
- **competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Criterios de avaliación:

O profesorado deberá determinar, de acordo coas condicións de avaliación contempladas no currículo básico da ESO e do Bacharelato e do previsto na programación didáctica do propio centro, o tipo de procedemento e criterios de avaliación que se pode aplicar ao alumnado que participe nas actividades previstas nesta Unidade. Pola nosa parte suxerimos que se tomen en conta os seguintes aspectos no procedemento avaliador:

Capta e rexeita mecanismos e procesos polos cales o papel das mulleres é suprimido do noso acervo artístico.

Coñece e identifica referentes femininos pasados e presentes nas artes.

Exhibe unha actitude crítica ante a discriminación das mulleres nas manifestacións artísticas

Actividades:

Lembrade enviarnos os enlaces, fotos e todo o material que estimedes sobre as vosas actividades, para o seu arquivo e difusión a través do espazo do proxecto en Archive.org e o Facebook do mesmo.

elaspresentes@berrobamban.com

A unidade didáctica está pensada para ser temporalizada en cinco sesións, coa duración dunha clase cada unha (45/50 min), coa seguinte estrutura:


1. Unha actividade inicial que busca provocar o conflito cognitivo e recoñecer os prexuízos do alumnado.

2. Unha de desenvolvemento que pretende asentar novos conceptos nas estruturas cognitivas baixo a premisa do respecto aos valores da coeducación.

3. Outra que posibilite a reflexión sobre os valores da coeducación e na que se faga explícito o empoderamento das mulleres nas artes na actualidade.

4. Para finalizar, incluímos unha actividade que procura implicar ao alumnado na difusión dos coñecementos e valores tratados durante a realización do traballo na aula.

Naturalmente, **todas estas propostas poden e deben ser adaptadas de acordo coa dinámica propia do centro**, reducindo ou ampliando o tempo de desenvolvemento.



Actividade 1

Ferramentas:
Ordenador
Proxector de aula
Smartphones

A sesión dividirase en dúas partes: un cuestionario realizado coa axuda da aplicación kahoot e un debate.

Cuestionario


O cuestionario elaborado con kahoot ten o obxectivo de presentar dez preguntas sobre mulleres na arte ao longo da historia. A aplicación kahoot permite contestar o cuestionario a través dos smartphone do alumnado, mais, en caso de non ter dito dispositivo, para que esta actividade sexa accesible a todo o alumnado, poderá realizarse con papel e bolígrafo ●.
Esta aplicación permite rexistrar as respostas de xeito que podemos analizar os resultados con posterioridade.
A aplicación converte o cuestionario nun concurso de preguntas asignando puntos segundo sexan as respostas, unha forma dinámica e motivadora de entrar en contacto cos conceptos que abordaremos ao longo da unidade didáctica.

●Anexo 1
Cuestionario en papel

INSTRUCCIÓNS KAHOOT

1. *Entramos na páxina web kahoot.com, onde está esta aplicación gratuíta. Unha vez nesta páxina debemos rexistrarnos como «teacher» e buscar o cuestionario chamado «as mulleres na arte (s. XVI-XX)».*
2. *O alumnado debe instalar a aplicación kahoot no seu smartphone, identificarse como «student», introducir o «pin» que aparece na pantalla do proxector da aula e poñer o seu nome como «nickname».*
3. *Unha vez conectado todo o alumnado, pode dar comezo a actividade. A esta actividade corresponderíanlle 20 minutos.*

Kahoot



Debate

Debate sobre a ocultación deliberada das mulleres na arte (duración aprox. 20 min.)

O debate xirará en torno a dúas preguntas:

→ Se homes e mulleres temos as mesmas capacidades artísticas, por que cres que o papel das mulleres na arte foi ocultado?

→ Que referentes femininos na arte tes e que foi o que te achegaron?

Nos últimos dez minutos da aula presentaríamos á aula un espazo no taboleiro onde o alumnado pode apuntar os nomes de mulleres artistas (cine, música, pintura, escultura, etc.) do pasado e do presente para compartir co resto.

Deste xeito promoveremos o coñecemento de referentes femininos na aula e será o propio alumnado quen propoña ditos referentes converténdose en axente divulgador

Actividade 2

Ferramentas:
Ordenador

A actividade consistirá na elaboración dunha exposición no centro educativo de figuras femininas na arte e as súas obras, de forma que o alumnado se converta en divulgador da obra destas mulleres entre a comunidade educativa.

Pasos para a realización desta actividade:

1 Utilizaremos as instalacións da aula de informática. Unha vez alí, realizaremos unha exposición, a modo de introdución, da información sobre mulleres na arte ●. Isto debería ocupar os 20 primeiros minutos da clase.

●Anexo 2
Mulleres na arte

2 A continuación a aula dividirase en grupos de tres persoas (coidando que sexan grupos mixtos na medida das posibilidades do grupo-clase). Cada grupo debe seleccionar a unha das artistas do cadro histórico ●. Tamén pode darse a opción de que os grupos escollan libremente facendo unha pequena pescuda en webs especializadas ●.

●Anexo 3
Cadro histórico

●Anexo 4
Webs especializadas

3 Feita a escolla, os grupos deberán buscar na rede información para elaborar unha breve recensión da autora e unha serie de imaxes da súa obra.

4 Toda esta información estará contida nun blog. Podemos crear unha conta de correo común, con usuario e contrasinal coñecidas pola aula, que posibilite a edición do blog por toda a clase.

5 Con esa conta de correo, crearemos o blog, en blogger.com por exemplo, que pode levar por título «Elas presentes-Nome Centro-Materia».

6 Posteriormente será o alumnado quen elabore as entradas do blog coa información recompilada.

Xerar códigos QR

7 Cada grupo seleccionará unha ou dúas obras da artista elexida para facer unhas láminas nas que incluirán uns códigos QR[1]. Os códigos QR deses carteis estarán ligados ás correspondentes entradas do blog.

8 Imprímimos as láminas a cor e, coa axuda do alumnado, colgámolas nos corredores do centro educativo.

9 A exposición estaría preparada e lista para servir como ferramenta de divulgación de mulleres artistas.

10 Se o estimamos necesario, indicaremos ao resto da comunidade educativa como poden acceder á información sobre as autoras e as súas obras a través de códigos QR.

Recurso 1
Modelo cartaz autora

Nome:
Marianne Brandt

Periodo:
1893-1983

Disciplina/s:
Deseño industrial, Pintura, escultura

Información:

código QR

ELAS PRE-SEN-TES

Recurso 2
Modelo cartaz obra

Título:
Lámpada de escritorio

Autora:
Marianne Brandt

Ano:
1939

código QR

ELAS PRE-SEN-TES

1 Ao introducir URL do blog en dita páxina xa crea o QR.

Actividade 3

Ferramentas:
Ordenador
Proxector
de aula

Esta terceira actividade serve de conclusión para a unidade didáctica. A través dun debate fomentaremos a reflexión sobre o empoderamento das mulleres na arte mediante a análise de tres figuras representativas das mulleres na música actual.

Utilizaremos tres vídeos de mulleres artistas que proxectan unha imaxe poderosa e reivindicativa da condición feminina tanto nos contidos das súas letras como na estética utilizada nos seus vídeos.

Nathy Peluso

https://www.youtube.com/watch?v=vkvMgp_7swk



Rosalía

https://www.youtube.com/watch?v=p_4coiRG_BI



IRA

https://www.youtube.com/watch?v=AfXOZhQNNuA




Os vídeos serían proxectados na aula utilizando o ordenador e proxector presentes na mesma. Para isto utilizaríamos 15 minutos da clase.

Unha vez visualizados os vídeos, iniciaríamos o debate que abrangue os restantes 35 minutos da sesión. Para a realización do mesmo, dividiríamos a clase en grupos mixtos de catro persoas, segundo as posibilidades do grupo-clase. O debate estaría estruturado en torno a tres preguntas:

- → Atendendo ao contido das letras e a estética das artistas, cres que nestas cancións hai unha mensaxe feminista? Por que?
- → Pensas que por ser mulleres a sociedade cuestiona máis e fanse máis xuízos de valor sobre cuestións que van máis alá da música (estética, roupa, aspecto físico, etc.) en comparación cos homes artistas? Por que crees que acontece isto?
- → Cres que a música é unha boa ferramenta para a loita feminista? Por que?

Durante 20 minutos cada grupo reflexionará en torno ás cuestións anteriores. Cada membro debe anotar as súas conclusións. Nos restantes 15 minutos terá lugar o debate, no que xa participa toda a clase en gran grupo, poñendo en común as conclusións ás que chegou o alumnado anteriormente en pequeno grupo.




Actividade 4


A idea consiste en acompañar a exposición de pequenas pezas teatrais (microteatro) dunha duración duns 3 minutos.

O obxectivo é organizar visitas á exposición cos diferentes cursos do centro e que o alumnado do noso grupo represente unha serie de situacións nas que as mulleres protagonistas da exposición demostran como romperon barreiras e límites impostos na súa época para converterse en artistas.


Para iso utilizaríamos dúas sesións. O ideal sería elaborar unhas 6 pezas. Para realizar o traballo crearíamos comisións:



Comisión histórica:
Encargada de que a representación respecte as coordenadas históricas da etapa na que se enmarca a artista. Esta comisión encargarase da selección de todos os elementos necesarios: vestiario, atrezzo, etc.



Comisión de guión:
Elaboran os guións das diferentes obras (duración de 3 minutos). Para elaborar os guións podemos basearnos nalgunhas das anécdotas que teñan xurdido na propia investigación ou nalgunha das escenas de *Filosofar a paus*



Comisión de interpretación:
Ocuparase de representar as pequenas pezas teatrais.

Unha vez as pezas teatrais fosen elaboradas, o profesorado encargarase de organizar as visitas para os diferentes grupos do centro educativo dentro das horas lectivas. Para isto cómpre organizarse tendo en conta a dispoñibilidade do resto do claustro, para non provocar trastornos ou interferencias coas demais materias. É conveniente que as pezas teatrais se vaian alternando para que o alumnado encargado das representacións non perda o interese e a motivación.

Bibliografía

BEGUIRISTAIN, MARÍA TERESA: «Arte y mujer en la cultura medieval y renacentista», Valencia, Revista Asparkía: *Dona dones, art i cultura*, VI, 1996, pp. 135-146.

CASO, ÁNGELES: *Las olvidadas. Una historia de mujeres creadoras*, Barcelona, Ed. Planeta, 2005.

MAYAYO, PATRICIA: *Historia de mujeres. Historia del arte*, Madrid, Cátedra, 2007.

ROLDÁN, MANUEL JESÚS: *Eso no estaba en mi libro de historia del arte*, Sevilla, Almuzara, 2017.

SERRANO DE HARO SORIANO, AMPARO: *Mujeres en el arte: espejo y realidad*, Barcelona, Plaza & Janés, 2000.

SOBRINO MANZANARES, MARÍA LUISA: *Arte + mulleres. Creadoras galegas*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2015.

Unidades didácticas en rede

http://institutoasturianodelamujer.com/iam/wp-contente/uploads/2011/02/mujeres en la Historia.pdf

http://clio.rediris.es/n41/articulos/sanjua2015.pdf

Filmografía

Artemisia (Agnès Merlet, 1997)

Frida (Julie Taymor, 2002)

Gala (Silvia Munt, 2003)

Maruja Mallo. Mitad angel, Mitad marisco (Antón Reixa, 2010)

Berthe Morisot (Caroline Champetier, 2012)

Camille Claudel 1915 (Bruno Dumont, 2013)

Carmen Herrera: The 100 Years Show (Alison Klayman, 2015)

Paula (Christian Schwochow, 2016)

El mundo de Ángeles Santos (Eva Fontanals, 2017)

Anexos

Anexo 1 *Cuestionario*

Actividade 1

1. Segundo Plinio o Vello na súa Historia Natural, a pintura:

- ❑ a) É unha fonte de pracer
- ❑ b) Foi inventada por unha muller
- ❑ c) É unha manifestación artística propia dos homes
- ❑ d) Non ten valor artístico

2. No medievo as/os artistas xeralmente non firmaban as súas obras.
Sinala a afirmación correcta:

- ❑ a) No Beato de Liébana aparece a o nome dunha monxa
- ❑ b) No Beato de Liébana figura o nome dun monxe
- ❑ c) Ningunha é correcta
- ❑ d) As dúas primeiras son correctas

3. No Renacemento as mulleres da burguesía e a nobreza:

- ❑ a) Recibían formación en debuxo e pintura
- ❑ b) Eran formadas exclusivamente nos labores domésticos
- ❑ c) Non podían ter formación ningunha
- ❑ d) Estudaban en academias como os homes

4. Durante o Renacemento algunhas mulleres foron aceptadas como artistas:

- ❑ a) Falso
- ❑ b) Principalmente aquelas que eran cortesás
- ❑ c) Pero non podían exhibir a súa obra
- ❑ d) E foron máis apreciadas que os homes artistas

5. Durante o século XVIII as mulleres artistas:

- ❑ a) Adquiriron gran liberdade e protagonismo
- ❑ b) Conseguiron establecer un estilo propio
- ❑ c) Eran excluídas das academias e concursos
- ❑ d) Destacaron principalmente na arquitectura

6. No século XIX o modelo de muller vitoriano:

- a) Promoveu socialmente a mulleres artistas
- b) Relegaba as mulleres ao espazo doméstico
- c) Propoñía a liberación social da muller
- d) Establecía que as mulleres non podían dedicarse á arte

7. Cando apareceron as primeiras asociacións de mulleres artistas?

- a) No século XVI
- b) No século XIX
- c) No século XX
- d) No século XVIII

8. Cando comezaron as academias a aceptar mulleres

- a) Na segunda metade do século XIX
- b) A partir de 1930
- c) Antes de 1650
- d) No primeiro terzo do século XVIII

9. No século XX as mulleres artistas superaron moitas limitacións:

- a) E acadaron a igualdade cos homes nas artes
- b) Pero os críticos e xurados de concursos eran só homes
- c) Convertéronse nas protagonistas de todas as exposicións
- d) Pero estaba prohibida a súa presenza nas escolas de arte

10. Nos anos sesenta co auxe dos movementos feministas:

- a) A muller acada a igualdade con respecto ao home na arte
- b) As artistas do pasado foron recoñecidas pola sociedade
- c) Recuperáronse moitas figuras femininas esquecidas
- d) As mulleres foron expulsadas das academias

Respostas

1: b / 2: d
3: a / 4: b
5: c / 6: b
7: b / 8: a
9: b / 10: c

Anexo 2 *Mulleres na arte*

Actividade 2

As pegadas das mulleres na arte ao longo da historia foron ocultadas deliberadamente en favor da glorificación e loa das obras realizadas polos homes. As artistas non foron recoñecidas nin valoradas e moitas das súas obras foron atribuídas a varóns.

A muller como obxecto da arte é amplamente representada na pintura, escultura, fotografía ou cine, máis a muller como suxeito da arte permanece agochada tras un velo de descoñecemento e prexuízo. Debido ao papel secundario ao que a maioría dos manuais de arte relegan as mulleres, a idea presente nas mentes das persoas que compoñen a nosa sociedade é que non existiron pintoras, escultoras e artistas mulleres no pasado.

Máis hoxe en día, grazas ao traballo de recuperación da memoria das mulleres artistas levada a cabo desde a década dos sesenta por autoras feministas, podemos paseniño ir coñecendo o papel das mulleres como suxeito da arte ao longo da historia.



Werk Gottes, Hildegard Von Bingen

Na Idade Antiga aínda predomina a escuridade con respecto ao coñecemento da autoría feminina das obras de arte. As informacións das que dispoñemos remítennos a mencións de autores varóns nas obras literarias.

Tal é o caso de Anaxandra, artista e pintora grega, mencionada polo teólogo Clemente de Alexandría. Ou as escasas liñas dedicadas por Plinio na súa Historia Natural a: Iaia de Cícico, Timarete, Irene, Calipso e Olimpia. Polo tanto tan só temos unha información testemuñal da existencia de artistas pero non coñecemos as súas obras.



Giuditta che decapita Oloferne, Artemisia Gentileschi

Durante a etapa medieval, o noso coñecemento sobre as mulleres artistas é maior, mais aínda moi escaso. Estas artistas estarían ligadas ás ordes eclesiásticas femininas. A primeira obra de arte documentada son as iluminacións do exemplar do Beato de Liébana de Xirona no que aparece o nome dunha monxa, Ende, que sería a autora das miniaturas. Isto testemuña a importancia das calígrafas e ilustradoras monxas no medievo.

Na Idade Media temos nomes propios de mulleres que brillaron con grande intensidade como é o caso de Hildegarda de Bingen. Esta muller cultivou diversas artes como a escultura, a música e a literatura, así como a ciencia. Coñecemos outras figuras como poderían ser Herrada de Lansberg ou a abadesa Hitda. É dicir, nesta época comezamos a recoñecer nomes propios e obras concretas de mulleres.

Durante o Renacemento e o Barroco prodúcese unha explosión de mulleres artistas procedentes da súa maioría do ámbito da nobreza e da burguesía. As manifestacións artísticas son consideradas como artes liberais, polo que requiren unha profunda formación intelectual e profesional. O principal problema nesta etapa é que na formación das mulleres non se inclúen as disciplinas necesarias para desenvolver a pintura e a escultura, especialmente o coñecemento do corpo espido —os nus son un campo vedado para a muller.

As mulleres accedían a esta formación tan só da man dun home, un pai ou marido artista. Normalmente fórmanse nos obradoiros familiares, como foron os casos de Lavinia Fontana, Artemisa Gentileschi ou Luisa Roldán, aínda que tamén temos o caso dunha muller da burguesía, Sofonisba Anguissola, que foi formada por mestres consagrados da época. Outras artistas tiveron a oportunidade de destacar na arte grazas a súa condición de cortesás, como foi o caso de Levina Teerlinc na corte inglesa.

No século das Luces os grandes cambios que trouxo a Ilustración permitiu unha maior presenza das mulleres na arte. Isto debíase á demanda de profesoras para as fillas das clases


Self portrait with two pupils, Adelaide Labille-Guiard

acomodadas, cuxa formación incluía o debuxo e a pintura. É o caso dunha grande artista como Adelaide Labille-guiard.

Pese aos cambios, as academias e concursos seguían marxinando ás mulleres. Tan só algunhas mulleres como Angelica Kauffman ou Elisabeth Louis Vigeé-Lebrun tiveron a oportunidade de asistir ás aulas das academias, mais séndolles vedadas, aínda, as clases de nús. Desta forma as mulleres quedaban relegadas a xéneros pictóricos considerados «menores», como o retrato, as naturezas mortas ou as paisaxes, cando na época eran valorados profundamente os temas mitolóxicos e históricos que precisaban un fondo coñecemento do estudo ao natural do corpo humano.

Durante o século XIX as mulleres artistas comezan a ter cada vez un papel máis relevante e a súa presenza na arte comeza a se normalizar. Aínda así, as academias seguen a marxinar ás mulleres, polo que nacen as asociacións de mulleres artistas. Estas organizacións fomentaban o papel das mulleres nas exposicións, concursos, a presenza nas institucións e mesmo crearon bolsas de estudo para a formación das artistas. Tamén nacen os primeiros estudios artísticos rexentados por mulleres, como o de Adelaide Labille-Guillard. A mediados de século as escolas de belas artes comezan a aceptar mulleres, mais manteñen a prohibición dos nus.


The Child's Bath, Mary Cassatt

Destacan grandes pintoras como Mary Cassatt, Berthe Morisot ou Rosa Bonheur. Tamén é moi recoñecida a polémica figura da escultora Camille Claudel, quen disputa con Auguste Rodin a autoría dalgunhas obras.

Será no século XX cando as mulleres teñan un papel destacado no florecemento das vangardas artísticas. Isto ten que ver que as mulleres na súa loita pola igualdade conseguiron o acceso a escolas, academias, exposicións e concursos. Aínda así, os grandes nomes do momento están ligados a varóns. Temos grandes artistas como Natalia



La sorpresa del trigo, Maruja Mallo

Goncharova, Georgia O´Keefe, Tamara de Lempicka, Sonia Delaunay, ou a galega Maruja Mallo entre moitas outras.

Nos anos sesenta a arte das mulleres eclosiona grazas ao activismo do movemento feminista. Estas mulleres comezan a recuperar o acervo da arte feminino, sobre todo no que atinxe a autoría das obras, moitas veces usurpadas por varóns.

Un grande fito da denuncia da invisibilización das mulleres na arte foi a manifestación promovida polas Guerrilla Girls diante do MOMA no ano 1985. Estas artistas-activistas denunciaron que tan só 13 dos 169 artistas expostos no museo eran mulleres, o que evidenciaba que aínda a finais do século XX as desigualdades por razón de xénero constituían unha barreira na arte.

Nas últimas décadas do século XX e XXI a presenza das mulleres na arte discorre cunha maior normalización pese a continuaren os prexuízos. Mostra disto é que, malia haberen tantos homes como mulleres na arte, os grandes premios, as exposicións máis cotizadas e a divulgación concéntranse especialmente nos autores varóns, evidenciando que aínda queda moito camiño por percorrer para chegar á igualdade entre mulleres e homes na arte e lograr a plena dignificación social do talento das mulleres artistas.

Guerrilla Girls



Anexo 3 *Cadro histórico*

Actividade 2

MULLERES NA PINTURA E ESCULTURA SÉCULOS XVI-XX	S. XVI: **Sofonisba Anguissola, Lavinia Fontana, Artemisia Gentileschi.** S. XVII: **Luisa Roldán, Artemisia Gentileschi.** S. XVIII: **Angelica Kauffmann, Rosalba Carriera, Elisabeth Louise Vigée-Lebrun.**	S. XIX: **Mary Cassatt, Rosa Bonheur, Camille Claudel, Berthe Morisot.** S. XX: **Natalia Goncharova, Sonia Delaunay, Liubov Popova, Tamara de Lempicka, Georgia O'Keeffe, María Blanchard.**
MULLERES ARQUITECTAS SÉCULOS XX-XXI	**Benedetta Tagliabue, Marrion Mahony Griffin, Lina Bo Bardi, Charlotte Perriand, Gae Aulenti, Zaha Hadid, Kasuyo Sejima, Jane Drew.**	
FOTÓGRAFAS SÉCULOS XX-XXI	**Hanna Höch, Zaida Ben Yusuf, Gertrude Käsebier, Valentina Kulagina, Lucia Moholy, Marianne Brandt, Tina Modotti, Berenice Abbott, Lee Miller, Lola Álvarez Bravo, Annemarie Heinrich, Karimeh Abbud, Ouka Leele, Michiko Kon, Miyako Ishiuchi.**	
ARTISTAS GALEGAS SÉCULOS XX-XXI	**Maruja Mallo, Mercedes Ruibal, Elena Colmeiro, Mª Victoria de La Fuente, Mª Antonia Dans, Elena Gago, Dolores Padín, Menchu Lamas, Berta Cáccamo, Pamen Pereira, Yolanda Ferranz, Ángela de la Cruz, Carme Nogueira, Mónica Trastoy, Holga Méndez, Andrea Costas, Patricia Dopico.**	

Anexo 4 *Webs especializadas*

Actividade 2

Mulleres pintoras e esculturas máis destacadas dos séculos XVI-XX:
https://www2.uned.es/biblioteca/mujer_arte/introduccion.html

Mulleres pintoras desde a Idade Media ata a actualidade en orde cronolóxica:
http://mujerespintoras.blogspot.com/2013/01/lista-de-pintoras-en-orden-cronologico.html

Arquitectura século XX-XXI:
http://noticias.arq.com.mx/Detalles/21507.html

Fotografía século XX-XXI:
http://camaracoleccion.es/Mujer_artista.html

Información sobre artistas galegas do século XX:
http://culturagalega.gal/album/docs/198_09.pdf

Pintoras galegas de finais do século XX e comezos do século XXI:
http://culturagalega.gal/album/docs/198_03.pdf

Mulleres artistas galegas finais do século XX e comezos XXI:
http://culturagalega.gal/album/docs/198_07.pdf

Ao final desta páxina encóntranse ligazóns ás mulleres artistas galegas máis recoñecidas:
http://culturagalega.gal/album/detalle_especial.php?id=198

Anexo 5 *Filosofar a Paus*

***Filosofar a Paus* propón ao público resolver un enigma: A desaparición das mulleres da historia da filosofía. Con ese obxectivo, un actor e unha actriz convocarán en escena a presenza de figuras como Hiparquía a cínica ou Simone de Beauvoir, mais tamén interrogarán a filósofos como Aristóteles, Hume ou Rousseau.**

Entre o thriller detectivesco, a aventura de superheroes —e superheroínas— e o cinema de epidemias, *Filosofar a Paus* proponse convidar ao público a desenvolver a súa propia aventura: a de pensar de forma crítica sobre o silencio, cando non as mentiras, aos que a «gran filosofía», a que se estuda nos manuais de Historia da Filosofía, someteu as mulleres.

Filosofar a Paus é un espectáculo teatral pensado para dirixirse ao público adolescente e con ese fin utiliza unha serie de recursos específicos para esas idades: o seu estilo ameno e divertido, a utilización dunha linguaxe directa, o uso de referentes culturais actuais, unha interpretación fresca e sen complexos e un elenco formado por unha actriz e un actor familiares para o público xuvenil.


Estruturada como un falso *work in progress* no que se afronta a creación dun espectáculo teatral sen partir dun texto preconcibido, senón cun concepto ou unha tese previa como orixe, *Filosofar a paus* mostra, por tanto, certas claves da creación contemporánea como son a investigación artística ou a ruptura das convencións teatrais. Esta última cuestión é a que toma maior relevancia e serve como gancho para un público adolescente que está moi acostumado, a través de produtos audiovisuais, a relatos fragmentarios con continuas rupturas da acción. Este recurso é básico para crear ese ambiente de frescura

e improvisación necesario para dar a impresión ás persoas que asisten ás representacións, de que non se está a seguir un guión marcado, de que calquera cousa pode acontecer sobre o palco. Falamos pois da continua creación de expectativas, ou o que é o mesmo, do mantemento do interese dun auditorio que vai descubrindo ao tempo que o propio elenco as conclusións do espectáculo.

Pero estas interrupcións e saltos na trama teñen tamén un valor temático ao permitiren establecer un diálogo entre os dous planos presentes na peza: o actor e a actriz e os personaxes que interpretan. A través dese diálogo introdúcense cuestións transversais como os límites do humor, a importancia da linguaxe inclusiva ou a aparición de machismos sutís nas nosas actividades cotiás.

Así *Filosofar a Paus* conta a historia dunha rapaza e un rapaz que pretenden facer un espectáculo teatral co obxectivo de demostrar o seguinte siloxismo:

> «Os homes e as mulleres son iguais en canto á súa capacidade para pensar. Logo, se os homes ao longo da historia procuraron a través da filosofía o descubrimento da súa esencia, tamén as mulleres puideron e poderán facelo.»



Para o seu razoamento, crearán tres escenas tomando como base as ideas presentes na estrutura conceptual que Virginia Woolf utilizou no seu texto «Un cuarto de seu», e que na peza teatral serían: que di sobre as mulleres a filosofía feita por homes?; que di a filosofía formulada polas mulleres?; e cal é a conceptualización do feminino segundo as propias mulleres?. Seguindo esta organización, e co obxecto de desenvolver cada unha das escenas, tómanse como protagonistas tres personaxes históricos que, seguindo a mesma orde anterior, serían: Rousseau, Hiparquía de Menorea e Simone de Beauvoir.

A nivel estilístico, a peza utiliza o humor e a parodia como mellor xeito de achegar a este tipo de público o seu discurso,

sen unha vontade adoutrinante ou de mera transmisión de contidos. O fin último de todo produto cultural debe ser a de permitir a cadaquén a elaboración do seu propio razoamento crítico.
A parodia está presente a través do uso na peza de xéneros, ou subxéneros, cinematográficos que tradicionalmente contan con grande aceptación entre a adolescencia. A parodia, e polo tanto o humor, permite ao público distanciarse e tomar o aire suficiente para manter a necesaria actitude analítica de todo o que acontece sobre o palco.

En canto a cuestións estéticas, a escenografía de *Filosofar a Paus* caracterízase pola súa adaptabilidade, requisito indispensable para garantir que poda ser representada en calquera espazo escénico. Recorremos a materiais presentes en calquera aula ou centro escolar coa vontade de achegar a peza ao ambiente natural do público ao que se dirixe, fomentando desa maneira a identificación cos personaxes da actriz e do actor. Despois de todo, buscamos que os sintan como un espello, que sintan que poderían ser eles e elas quen están sobre o palco.
Con esa mesma vontade, o vestiario reproduce a vestimenta habitual de calquera adolescente mais, ao igual que no contido da peza, fuxindo de calquera tópico de xénero.



Recursos



Nome:

Disciplina/s:

Periodo:

Información:

código
QR

ELAS
PRE-
SEN-
TES

Título:

Autora:

Ano:

código
QR

ELAS
PRE-
SEN-
TES

ELAS PRE-SEN-TES

Berro Bambán

Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS

Deputación
DA CORUÑA